

ANEXO

Provincia: A Coruña.
 Localidade: A Coruña.
 Concello: A Coruña.
 Enderezo: r/ Sinforiano López, 43.
 Código do centro: 15032005.
 Denominación: centro privado Castela.
 Titular: M^a Carmen y M^a Concepción Amor Alonso.
 Composición resultante:

Quenda de mañá:
 1 ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas (2 unidades, 20 alumnos/unidade) da familia profesional de administración.

1 ciclo formativo de grao superior de administración de sistemas informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade), da familia profesional de informática.

Quenda de tarde-noite:
 1 ciclo formativo de grao medio de explotación de sistemas informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade), da familia profesional de informática.

1 ciclo formativo de grao superior de xestión comercial e márketing (1 unidade para 20 alumnos), da familia profesional de comercio e márketing.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Decreto 22/2006, do 9 de febreiro, polo que se declara a urxente ocupación, no expediente de expropiación forzosa, dos terreos necesarios para proseguir cos labores de explotación da concesión mineira A Fraguíña 4377, sita en Carballeda de Valdeorras (Ourense), solicitada pola sociedade Canteras Fernández, S.A. (Cafersa).

Manuel Fernández Blanco en nome e representación da sociedade *Canteras Fernández, S.A.*, solicitou da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a incoación dun expediente de expropiación forzosa polo procedemento de urxencia dos terreos necesarios para proseguir os labores de explotación da concesión mineira A Fraguíña nº 4377 sita en Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Os bens aos que fai referencia a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente, o cal foi sometido ao trámite de información pública, sendo ademais realizadas notificacións individuais aos interesados dos predios afectados.

A solicitude foi efectuada conforme o disposto no artigo 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, en relación co artigo 131 do regulamento que desenvolve a citada lei, así como o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 e o artigo 56 do seu Regulamento do 28 de abril de 1957.

Como consecuencia da información pública e das notificacións individuais, foron presentados escritos de alegacións, procedendo a desestimación destas, xa que non desvirtúan as razóns obxectivas polas cales neste momento é urxente a ocupación dos predios para evitar a paralización dos traballos de explotación na concesión de referencia, todo isto en función do que consta no informe da Delegación Provincial de Industria de Ourense e na memoria-pro-

posta da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

A expropiación está xustificada e é de todo punto necesaria e ademais polo procedemento de urxencia, xa que permitirá a continuidade e o desenvolvemento racional das tarefas de explotación; á xustificación hai que engadirle a importancia intrínseca da explotación tanto polo emprego que xera como pola cota de mercado que ocupa.

De acordo co plan de labores presentado e aprobado, os dous predios para os que se solicita a expropiación urxente están comprendidas dentro do perímetro da concesión, e son indispensables para levar a cabo as tarefas preparatorias de desmonte e posterior explotación no terreo restante, terreos que constitúen a única alternativa posible para manter o actual nivel de produción segundo o estudo xeolóxico realizado, e non hai máis remedio que tramitar a súa ocupación pola vía de urxencia ante a imposibilidade de chegar a un acordo co propietario.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Innovación e Industria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día nove de febreiro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase urxente, segundo o mencionado artigo 105 da Lei de minas e para os efectos dispostos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, a ocupación dos predios aos que se contrae o expediente e definidos nel, sitos no termo municipal de Carballeda de Valdeorras (Ourense), definidos nos planos presentados e dos que se publicou a súa relación nos boletíns correspondentes, predios que é necesario expropiar para dar continuidade aos traballos da concesión mineira A Fraguíña nº 4377.

Santiago de Compostela, nove de febreiro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
 Presidente

Fernando Xabier Blanco Álvarez
 Conselleiro de Innovación e Industria

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 10 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións ás organizacións profesionais agrarias para o exercicio 2006.

As organizacións profesionais agrarias representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa achega para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, así como o constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.

En concordancia con esa función vertebradora da trama social do medio rural, cómpre artellar medidas de apoio institucional ás organizacións profesionais agrarias. Esta orde establece o marco regulador das subvencións ás organizacións representativas do sector agrario en Galicia co obxectivo de fortalecer a súa implantación e consolidación.

Os artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, establecen o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde adáptase a esa normativa, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e concorrència.

Xa que logo, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

DISPOÑO:

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Esta orde ten por obxecto establecer o réxime de subvencións que conceda, en réxime de concorrència competitiva, a Consellería do Medio Rural con cargo aos seus orzamentos ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario durante 2006.

2. Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias legalmente constituídas en Galicia e nas que concorran as circunstancias previstas nesta orde, e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Finalidade.

A finalidade das axudas concedidas ao abeiro desta orde é a realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia e dos agricultores e agricultoras galegos en xeral.

Artigo 3º.-Actividades subvencionables.

1. Serán obxecto de subvención os custos derivados das actividades que se relacionan a seguir, que desenvolverán as organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia en 2006:

a) Funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal.

b) Funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias.

c) Representación perante as institucións.

d) Participación nos órganos colexiados, comisións, mesas sectoriais que, para a defensa dos intereses dos seus representantes, foron constituídos pola Administración galega.

e) Formación dos asociados e dos seus familiares.

f) Impulso do asociacionismo agrario.

2. De acordo co previsto no artigo 5.3º, do Estatuto de autonomía de Galicia, nas actividades subvencionables pola Consellería do Medio Rural reguladas no punto anterior empregárase de xeito preferente a lingua galega, tanto a nivel oral como na documentación escrita que se xere.

Capítulo II Da convocatoria pública

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo anexo, debidamente cubertas e asinadas polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización peticionaria, xunto coa documentación que se detalla no artigo 6º desta orde.

2. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería nos servizos centrais, ou do modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. A presentación das solicitudes comporta a autorización ao órgano xestor nos termos do artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006.

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

As solicitudes de subvención presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Documentación.

Á solicitude de axuda deberá xuntarse a seguinte documentación:

1. Acordo do órgano competente, debidamente acreditado, polo que se decide solicitar a subvención e se autoriza a persoa encargada dos trámites.

2. Memoria xustificativa e suficientemente detallada das actividades que teña previsto desenvolver cada organización profesional durante o ano 2006.

3. Copias compulsadas do CIF da organización solicitante e do DNI do seu representante.

4. Certificación bancario do número de conta.

5. Certificación sobre os seguintes aspectos:

-Cumprimento xeral dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

-Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

-Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas.

-Compromiso de non beneficiarse de ningunha outra subvención procedente de entidades públicas

para os mesmos fins para os que se solicita a axuda ao abeiro desta orde.

-Declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 7º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes á Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde.

2. No suposto en que se aprecie algún defecto ou sexa incompleta a documentación, requirirase o interesado para que, conforme o disposto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación ademais de que, se así non o fixese, se considerará desistido na súa petición, e logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na devandita lei.

3. Os expedientes serán remitidos á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para efectos da súa valoración.

4. Para os efectos do disposto no artigo anterior, constituirase unha comisión de valoración presidida polo subdirector xeral de Producción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo, e integrada ademais polo xefe do Servizo de Producción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal e polo xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario. Actuará como secretario ou secretaria un funcionario, con categoría de xefe de sección, da Subdirección de Contratación e Xestión Económica, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe o subdirector xeral de Producción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal, cun rango equivalente ao substituído.

A comisión elaborará un informe que elevará ao secretario xeral da Consellería do Medio Rural, quen redactará a oportuna proposta de resolución.

Artigo 8º.-Valoración.

1. As subvencións concederanse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia e igualdade.

2. As súa distribución efectuarase de xeito paritario entre as organizacións profesionais agrarias que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002.

Artigo 9º.-Resolución.

1. A resolución das axudas, logo da proposta elaborada pola comisión de valoración e fiscalización da Intervención Delegada, competeralle ao conselleiro do Medio Rural, e notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data na que se ditase a resolución.

2. O prazo para resolver e notificar as subvencións será de seis meses desde a publicación desta orde.

3. De transcorrer o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes.

Capítulo III

Da xustificación, pagamento e control

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Unha vez ditada a resolución e notificada aos interesados, estes poderán solicitar o pagamento dun anticipo de até o 70 por 100 do importe total concedido.

2. De conformidade co establecido no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos que superen os 30.050,61 euros. A garantía, constituída polos medios que establece o artigo 17.2º do decreto citado, deberá cubrir o importe do anticipo cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses do remate do prazo de xustificación. A presentación da garantía realizarase ante a Consellería do Medio Rural no prazo de quince días a partir da notificación da resolución de concesión.

3. O pagamento total da subvención xustificarse por medio de memoria xustificativa na que se detallen as accións e actividades desenvolvidas durante 2006, acompañada da seguinte documentación:

a) Certificación que acredite, de xeito desagregado, os gastos contraídos polas actividades obxecto de subvención.

b) Copia compulsada das nóminas, TC1 e TC2 do persoal da organización. A suma do seu importe non poderá superar o 70% do total dos gastos presentados.

c) Facturas orixinais dos gastos, ou as súas copias compulsadas, debidamente conformadas polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización beneficiaria. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente.

d) Certificación de todas as axudas solicitadas ante as distintas administracións públicas para os mesmos fins recollidos nesta orde, tanto as concedidas como as pendentes de resolución. Esta certificación debe vir asinada polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización.

4. A Administración poderá solicitar a documentación adicional de carácter complementario que se considere necesaria para a xustificación das subvencións concedidas ao abeiro desta orde.

5. A documentación e xustificantes presentaranse antes do 20 de outubro de 2006. O incumprimento deste prazo poderá implicar a perda da axuda concedida, sen necesidade de requirimento, aviso ou notificación ás entidades beneficiarias.

6. A documentación xustificativa do gasto presentárase preferentemente perante a Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.

7. O importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas, documentación e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nesta orde e na resolución de concesión.

No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos, unha vez descontado o IVE, sexan inferiores ao importe da subvención concedida, practícarase e redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

Artigo 11º.-Importe máximo das subvencións.

1. O importe das subvencións reguladas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo das actividades que van desenvolver as entidades beneficiarias.

2. Os rendementos financeiros que se xeren polo fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

3. A determinación dos gastos subvencionables axustarase ao disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 12º.-Alteración das condicións e incumprimentos.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. No suposto de incumprimento das condicións exixidas para a concesión das subvencións, procederá o reintegro das cantidades percibidas de xeito total ou parcial, así como cando concorran calquera das demais circunstancias previstas no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. En caso de incumprimento parcial, a fixación da contía que deba ser reintegrada determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade.

Artigo 13º.-Incompatibilidade.

1. As subvencións reguladas por esta orde son incompatibles con calquera outra axuda procedente das administracións públicas que se conceda para os mesmos obxectivos e gastos.

2. A vulneración deste precepto dará lugar á perda da subvención concedida.

Artigo 14º.-Financiamento.

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.01.611A.480.0 dos orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e por un importe máximo de 1.080.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas estarán sometidas á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Artigo 15º.-Seguimento e control.

1. As organizacións profesionais beneficiarias deberán comunicarlle obrigatoriamente á Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, con antelación suficiente, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da subvención concedida.

Calquera irregularidade ou ocultación de datos que poida afectar para a concesión desta axuda será causa suficiente para a súa denegación ou posterior devolución.

2. Así mesmo, deberán permitir que a citada secretaria xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 16º.-Réxime de recursos.

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Artigo 17º.-Réxime de infraccións e sancións.

O réxime de infraccións e sancións aplicables será o regulado no artigo 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería do Medio Rural para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 febreiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA AS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR321A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO SEU REPRESENTANTE

DENOMINACIÓN DA ORGANIZACIÓN		CIF	
E na súa representación:			
DON / DONA			DNI
ENDEREZO (PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS)		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	

DOCUMENTACIÓN

ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE, DEBIDAMENTE ACREDITADO, POLO QUE SE DECIDE SOLICITAR A SUBVENCIÓN.
 MEMORIA EXPLICATIVA E SUFICIENTEMENTE DETALLADA DAS ACTIVIDADES QUE TEÑA PREVISTO DESENVOLVER CADA ORGANIZACIÓN PROFESIONAL DURANTE O ANO 2006.
 COPIAS COMPULSADAS DO CIF DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO DNI DO SEU REPRESENTANTE.
 CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.
 CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NESTA ORDE (ARTIGO 6º PUNTO 5).

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións ás organizacións profesionais agrarias para o exercicio 2006.

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A SECRETARIO/A XERAL OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

,

de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 23 de xaneiro de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de cinco postos de traballo vacantes nesta consellería.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 23, do 2 de febreiro de 2006, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 1.633, no anexo I, onde di en descrición de códigos:

«641: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

640: para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (requisito indispensable)».

Debe dicir:

«641: para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (requisito indispensable).

640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable)».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de febreiro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se anuncia a resolución provisional do segundo procedemento de provisión da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

A base décimo sétima da Orde do 20 de maio de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 105, do 3 de xuño), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de realizar un segundo proceso de entrevistas para asignación de destinos na fase de provisión e mesmo un terceiro chamamento para elixir destinos sobrantes.

Polo tanto, realizado polo tribunal da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía o segundo procedemento da fase de provisión, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que partici-

paron no segundo proceso na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola Orde do 20 de maio de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 105, do 3 de xuño), da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas

Resolución do 10 de febreiro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a darlles publicidade ás listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos en diversas categorías estatutarias de xestión e servizos no Sergas.

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 26, do 8 de febreiro) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as listaxes definitivas, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.3 do pacto sobre selección temporal (*Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 1 de xuño), unha vez resoltas as reclamacións formuladas contra as listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos nas categorías correspondentes á convocatoria de selección temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de novembro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 223, do 16 de novembro) que se relacionan a seguir:

Listaxes das áreas de Pontevedra e Vigo:

- * Fisioterapeuta.
- * Terapeuta ocupacional.
- * Cociñeiro.
- * Conductor.